



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO PORTO VIDROS
Promotor	NATURGY RENOVABLES, S.L.U
Localización	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2017/014

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 12/04/2021 e número de rexistro de entrada 2021/614351, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia, posteriormente, con data 15/04/2021 e número de rexistro de entrada 2021/661010, presenta unha corrección de erros da solicitude de informe, unha vez detectado un erro no arquivo Plano SHP.
- Con data 12/01/2022 e número de rexistro 2022/43371 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 03/05/2022 e número de rexistro de entrada 2022/944135, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 12/01/2022, comunicando encontrarse o expediente en fase de validación ante o Organismo Sustantivo dunha nova implantación, polo que unha vez aprobados ditos cambios incluírán no proxecto os aspectos sinalados no informe desta Dirección Xeral de data 12/01/2022.
- Con data 14/07/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1497772, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e

Consellería de Economía, Industria e Innovación da traslado da resposta do promotor o informe desta Dirección Xeral de data 12/01/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emétese o seguinte

INFORME:

Con respecto aos valores presentados relacionados co nivel de recepción externo máis o ruído de fondo, dende esta Dirección Xeral non se realizan observacións por estar incluídos os valores dentro dos limiares establecidos na Táboa B1 do Anexo III do RD 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a lei 37/2003, de 17 de novembro do ruído, incluída a superación en 5 dB(A) establecida no artigo 25.

Con respecto ao depósito de almacenamento de auga de 15.000 litros, dende esta Dirección Xeral recoméndase asegurar a súa renovación e garantir a presenza dun desinfectante con efecto residual, que acredite o cumprimento do RD 140/2003, do 7 de febreiro.

Con respecto ás medidas de mitigación propostas, en caso de superación dos limiares establecidos, no estudo do efecto de parpadeo de sombras, deberá ter en consideración a inclusión dunha parada técnica dos aeroxeradores implicados, no caso de ser necesario.

Por todo iso:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo.



Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

